



**MEMORIA XUSTIFICATIVA DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O
INSTITUTO GALEGO DE CALIDADE ALIMENTARIA E A ESCOLA GALEGA DE
ADMINISTRACIÓN PÚBLICA, PARA O DESENVOLVEMENTO DE ACTIVIDADES DE
FORMACIÓN, DIVULGACIÓN E INVESTIGACIÓN**

(1) Antecedentes: Necesidade e oportunidade do convenio

Primeiro. A Escola Galega de Administración Pública (en diante EGAP) - pertencente á Vicepresidencia e Consellería de Presidencia Administracións Públicas e Xustiza- é un organismo autónomo de carácter administrativo e unha entidade de dereito público con personalidade xurídica propia, que actúa con plena autonomía funcional para o cumprimento dos seus fins e que a Lei 4/1987, do 27 de maio, pola que se crea a EGAP, menciona entre os fins da Escola a formación, o perfeccionamento, a investigación, a documentación, o estudo e a realización de traballos de divulgación no campo da administración pública, promovendo á súa máxima difusión.

No mencionado ámbito material, constitúe un dos seus obxectivos, segundo o artigo 3.1 h) da Lei 4/1987, do 27 de maio, de creación da EGAP, o establecemento de convenios e a celebración de intercambios con organismos semellantes das Administracións Públicas, a nivel estatal e internacional.

Segundo. O Instituto Galego da Calidade Alimentaria (en diante INGACAL) é, conforme ao disposto na Lei 2/2005, do 18 de febreiro, de promoción e defensa da calidade alimentaria galega, un ente de dereito público con personalidade xurídica de seu, dos previstos no artigo 12.1º b) do texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, aprobado polo Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro.

O INGACAL foi creado pola dita Lei 2/2005, do 18 de febreiro e o seu Regulamento foi aprobado polo Decreto 259/2006, do 28 de decembro.

Do mesmo xeito e de acordo co previsto na citada lei, o INGACAL adscíbese á consellería competente en materia de agricultura quedando baixo a dependencia do seu titular.

Segundo o artigo 32 da referida lei, o INGACAL é o instrumento básico de actuación da Xunta de Galicia en materia de promoción e protección da calidade diferencial dos produtos alimentarios galegos acollidos aos distintos indicativos de calidade. Así mesmo, se prevé na dita lei que será obxecto do instituto a investigación e o desenvolvemento tecnolóxico no sector alimentario. En particular, correspóndelle ao INGACAL:

a) Actuar como medio propio da administración na execución de actividades especializadas pola súa natureza tecnolóxica e económica que sexan de interese da Xunta de Galicia e que lle sexan encomendadas nos termos que se establezan regulamentariamente, nos seguintes grupos de materias:

Primeira.-Actuacións de control e certificación dos produtos acollidos ás distintas figuras de protección da calidade alimentaria do ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia.

Segunda.-Promoción e defensa da calidade dos devanditos produtos.

Terceira.- Prestación de todo tipo de servizos de asesoramento e xestión aos consellos reguladores das denominacións xeográficas de calidade e aos órganos de xestión doutras figuras de protección da calidade alimentaria.

Cuarta.-Investigación aplicada e desenvolvemento tecnolóxico no sector alimentario de Galicia.

Quinta.-Investigación orientada cara á seguridade das materias primas alimentarias, no que sexa competencia da administración agraria.

b) Promover e participar directamente nas operacións concretas de desenvolvemento nas que se dean as circunstancias de interese territorial ou estratéxico, insuficiente participación dos axentes





económicos e necesidade de estruturar ou reestruturar un ámbito produtivo vinculado ao sector alimentario e que lle sexan encomendadas nos termos que se establezan regulamentariamente.

c) Pór en valor as distintas actuacións tecnolóxicas e investidoras incluídas nas anteriores alíneas ou as que deriven do acervo de coñecementos do instituto, mediante as fórmulas axeitadas de divulgación ou comercialización, así como as de participación e imbricación dos distintos subsectores nas propias actuacións del.

As facultades do INGACAL determínanse no artigo 33 da antedita lei que reflicte que o INGACAL no exercicio das súas funcións e para o cumprimento dos seus obxectivos poderá:

a) Realizar toda clase de actividades económicas e financeiras sen máis limitacións que o disposto nesta lei e nas disposicións que lle sexan aplicables.

Poderá subscribir todo tipo de contratos, prestar servizos, outorgar avais dentro do límite máximo fixado na Lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de cada exercicio, contraer préstamos e, así mesmo dentro dos límites que fixe a devandita lei, promover sociedades mercantís ou participar en sociedades xa constituídas e en entidades sen ánimo de lucro.

b) Realizar e contratar estudos, asesoramentos e traballos técnicos.

c) Subscribir convenios con administracións públicas e empresas e institucións públicas e privadas.

d) Obter subvencións e garantías da Comunidade Autónoma e doutras entidades e institucións públicas.

(2) Obxecto

O convenio terá por obxecto a participación do persoal dependente do Instituto Galego de Calidade Alimentaria nas actividades da EGAP, así como a colaboración e o desenvolvemento conxunto de actividades de carácter formativo, divulgador e investigador en materias da competencia das institucións asinantes do mesmo; actuando de forma máis eficaz e eficiente na utilización dos medios humanos, materiais e organizativas de cada unha delas, para un mellor cumprimento dos fins de ambas dúas partes, en beneficio da cidadanía e da sociedade galega.

(3) Finalidade

O instrumento convencional que se pretende asinar fundaméntase no seguinte:

A) A participación nas actividades da EGAP do persoal dependente do INGACAL que fará a selección do referido persoal para cada actividade concreta, de conformidade co disposto na Resolución do 4 de xaneiro de 2008 (DOG nº 7 de 10 de xaneiro de 2008); selección que comunicará á EGAP

B) A realización conxunta de cursos, xornadas, seminarios e outras actividades de divulgación.

C) A edición conxunta de libros, outras publicacións e documentos de traballo. Ambas as dúas institucións comprométese a remitir un exemplar das súas publicacións periódicas á Biblioteca da outra, para a súa difusión.

D) A promoción da actividade investigadora de ambas as dúas institucións mediante proxectos de investigación conxuntos.

E) Cantas outras actividades sexan consideradas de interese común, dentro da competencia e dispoñibilidade das partes, en relación á actividade obxecto do convenio.





(4) Impacto económico

A sinatura do convenio non implica, por parte da EGAP, compromiso de gasto con cargo ás partidas orzamentarias do estado de gastos dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma Galicia para o ano 2018.

(5) Carácter non contractual

As actividades que se desenvolvan ao abeiro do convenio non terán carácter contractual.

(6) Vixencia

Para os efectos sinalados, formalizarase co Instituto Galego de Calidade Alimentaria o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a data da sinatura por todas as partes ata o 31 de decembro do 2018, prorrogándose de forma expresa por anualidades naturais, salvo denuncia de calquera das partes antes do seu termo, podendo prorrogarse de forma expresa por anualidades naturais.

Polo exposto, considérase xustificada a utilización do instrumento do convenio para articular as actuacións de referencia, quedando o dito convenio fóra do ámbito de aplicación do texto refundido da Lei de contratos do sector público, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, con independencia de que, ao abeiro do previsto no artigo 4.2 da dita norma, lle sexan de aplicación os principios desta norma para resolver as dúbidas e lagoas que se poidan presentar.

En Santiago de Compostela, a 12 de xaneiro do 2018
O secretario xeral da EGAP,

Asdo. Sergio Domingo Baamonde Boquete

